

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleiro-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de febreiro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de obras para ampliación de taller de reparación de vehículos, en rama mecánica e chapa e pintura, con licenza de apertura 39/06, sito na rúa da pomba, número 4, baixo, esquina rúa Trapero Pardo, número 9.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz 66, polígono 159, no solo clasificado como non urbanizable de protección de leito e zonas húmidas en Papoi-Aan Pedro de Calde; para remodelación de portal para mellora de accesibilidade ao ascensor na edificación con licenza número 714/96, sita en solo urbano na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 12; para remodelación de baixo cuberta no edificio de planta baixa e dúas plantas altas para dúas vivendas con licenza número 838/88, sito en solo urbano rúa mestre soutullo, número 19; para acondicionamento de local de planta baixa para óptica, no edificio con licenzas números 147/65, sito en solo urbano, no ámbito do plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia, na rúa Armanyá, número 17; para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en edificio existente sito en Friás, número 30, Santiago de Afora; para legalización de cambio de uso de local de planta baixa a garaxe no edificio con licenzas números 701/88, 196/90 e 252/92, sito en solo urbano na rúa Miguel de Cervantes, número 18 e para legalización de reforma dun centro de lavado con licenza número 1195/11, sito en solo urbano no centro comercial "As Termas", avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, número 93.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	04/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	J1eo+PGRs2vo/ZvYgrzNDg==	PÁGINA 1/2
 J1eo+PGRs2vo/ZvYgrzNDg==			

Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Catedral, número 9 e para parcelamento da parcela matriz 275, polígono 165, sita en Vilaestévez, San Xoán do Alto.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a sete prazas de Bombeiros-condutores pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

Acórdase o recoñecemento de compatibilidade para o desempeño dunha actividade docente a unha funcionaria.


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Resolución das reclamacións presentadas por varios membros da Policía Local en materia salarial.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lengua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: J1eo+PGRs2vo/ZvYgrzNDg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	04/03/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	J1eo+PGRs2vo/ZvYgrzNDg==	PÁGINA 2/2



J1eo+PGRs2vo/ZvYgrzNDg==